



TÉCNICAS DE ESTUDIO: LECTURA COMPRESIVA

Lectura	Saber Ler
<ul style="list-style-type: none">▪ É o medio ordinario para a adquisición de coñecementos que enriquece a nosa visión da realidade, aumenta o noso pensamento e facilita a capacidade de expresión.▪ É unha das vías de aprendizaxe do ser humano e que polo tanto, xoga un papel primordial na eficacia do traballo intelectual.	<ul style="list-style-type: none">▪ Ler equivale a pensar e saber ler significa identificar as ideas básicas, captar os detalles máis relevantes e emitir un xuízo crítico sobre todo aquilo que se vai lendo.

ACTITUDES FRENTE Á LECTURA. ¿QUE DEBO FACER CANDO LEO?

- **Centra a atención** no que estás a ler, sen interromper a lectura con preocupacións alleas ao libro.
- **Ten Constancia.** O traballo intelectual require repetición, insistencia. O lector inconstante nunca chegará a ser un bo estudante.
- Debes **manterte activo ante a lectura**, é preciso ler, reler, extraer o importante, subliñar, esquematizar, contrastar, preguntarse sobre o lido coa mente activa e esperta.
- **No adoptes prexuízos** fronte a certos libros ou temas que vaías ler. Isto posibilitache afondar nos contidos de forma absolutamente imparcial.
- Na lectura aparecen datos, palabras, expresións que non coñecemos o seu significado e quedamos coa dúbida, isto bloquea o proceso de aprendizaxe. Polo tanto non sexas preguiceiro e **busca no dicionario** aquelas palabras que non coñezas o seu significado.